



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- A) Os alcaldes teñen a condición de autoridade sanitaria.
- B) Correspóndelle ao Estado regular a organización, funcións e asignación de medios materiais e persoais de cada un dos servizos de saúde.
- C) No que respecta á facultade de elección de médico de atención primaria, nos núcleos de poboación de máis de 300.000 habitantes poderase elixir no conxunto da cidade.
- D) No que respecta á facultade de elección de médico de atención primaria, nos núcleos de poboación de máis de 275.000 habitantes poderase elixir no conxunto da cidade.

2. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Ao persoal estatutario temporal seralle aplicable, en todo caso, o réxime xeral do persoal estatutario fixo.
- B) O importe anual do complemento de destino aboarase en 14 pagas.
- C) Transcorridos dous anos desde o nomeamento do persoal estatutario interino producirase o fin da relación de interinidade e a vacante só poderá ser ocupada por persoal estatutario fixo, salvo que no correspondente proceso selectivo non se cubrixe a praza en cuestión, en cuxo caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal estatutario interino. Excepcionalmente, o persoal estatutario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se püblicase a correspondente convocatoria dentro do prazo dos dous anos, a contar desde a data do nomeamento do persoal estatutario interino. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cesamento dea lugar a compensación económica.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

3. De acordo coa lei de Saúde de Galicia, dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria:

- A) Só o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade e os alcaldes e alcaldesas.
- B) Só o Presidente da Xunta de Galicia e a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade.
- C) Só o Consello da Xunta de Galicia e a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

4. Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, cal das seguintes afirmacións é certa?:

- A) Seralle de aplicación aos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado.
- B) Os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser acadados, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado consinta expresamente.
- C) Salvo determinadas excepcións, só co consentimento expreso e por escrito do afectado poderán ser obxecto de tratamento os datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas.
- D) Todas as anteriores son certas.

5. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que situación administrativa das seguintes dá dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade e carreira, no seu caso, á percepción de trienios e á reserva da praza de orixe?

- A) Excedencia voluntaria.
- B) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- C) Excedencia por prestar servizos no sector público.
- D) Ningunha das anteriores.

6. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes opcións é verdadeira?

- A) A iniciativa lexislativa non corresponde exclusivamente ao Parlamento de Galicia.
- B) As comarcas e parroquias rurais non son entidades locais propias de Galicia.
- C) O Presidente da Xunta será elixido polo Goberno Galego de entre os seus membros e será nomeado polo Parlamento de Galicia.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

7. Segundo a Lei de prevención de riscos laborais, os Delegados de Prevención serán designados por e entre os representantes do persoal. En caso de empresas de 101 a 500 traballadores, que número de delegados será designado?:

- A) 1 Delegado de Prevención.
- B) 2 Delegado de Prevención.
- C) 5 Delegado de Prevención.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

8. Segundo o disposto no artigo 43 da Constitución, a quen compete organizar e tutelar a saúde pública?:

- A) Ás Comunidades Autónomas.
- B) Aos poderes públicos.
- C) Ao Goberno.
- D) Ás Cortes Xerais.

9. Cal das seguintes opcións de dereitos se configuran na sección de dereitos fundamentais da Constitución Española de 1978?:

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada.
- C) O dereito de petición.
- D) Todos os anteriores.

10. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, sobre os cesamentos e tomas de posesión nun concurso de traslados, cal é a opción correcta?:

- A) Os concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, no seu caso, desenvolvan, dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel no que se publique a resolución definitiva.
- B) A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos sete días hábiles seguintes ao do cesamento se a praza desenvolvida e a adxudicada son da mesma área de saúde, no prazo de quince días hábiles se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde ou no prazo dun mes se a praza desenvolvida corresponde a outro servizo de saúde.
- C) A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos quince días hábiles seguintes ao do cesamento se a praza desenvolvida e a adxudicada son da mesma área de saúde e no prazo dun mes se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde ou se a praza desenvolvida corresponde a outro servizo de saúde.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal das seguintes opcións é a correcta sobre os principios xerais da acción preventiva?:

- A) Débense combater os riscos na súa orixe.
- B) Débense avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- C) Débense evitar os riscos.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

2. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- A) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos os cidadáns galegos teñen o deber de coñecelos.
- B) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa dende o ángulo superior esquerdo ata o inferior dereito.
- C) O Parlamento de Galicia fixará o seu propio orzamento, tras a aprobación previa do Consello da Xunta.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

